

1. Datos da Entidade organizadora dos sorteos Noite Branca:

- 1.1 Nome da Entidade: Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín
- 1.2 Número de CIF da Entidade: G-36.187.169
- 1.3 Enderezo fiscal da Entidade: R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo
36500 – Lalín (Pontevedra)
- 1.4 Enderezo de correo electrónico da Entidade: asociacion@aedeza.com

2. Data e horario dos sorteos:

Durante toda tarde do venres, 17 de xuño de 2022, realizaremos sorteos de tarxetas cargadas con 250€/tarxeta, en total sortearemos 6.000€.

AEDEZA-CCAdelalín realizará sorteos cada 15 minutos, comezando o primeiro sorteo ás 17:15 horas e sendo o último ás 23:00 horas.

3. Requisitos para a participación nos sorteos:

Que os clientes participantes nos sorteos sexan maiores de idade e realicen unha compra por importe mínimo de 10€, durante o venres 17 de xuño, nun comercio asociado participante, onde recibirán un cartón no cal deberán:

- 1º Cubrir o cartón con (2) selos de compras, por importe mínimo de 10€, realizadas en dous comercios asociados diferentes participantes.
- 2º Encher os ocos cos datos de contacto.
- 3ª Depositar dito cartón cuberto na urna que a Asociación terá na Praza da Igrexa en horario de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 23:00 horas.

4. Data de realización do sorteo e número de gañadores:

4.1 Data e lugar da celebración dos sorteos: os sorteos das tarxetas cargadas con 250€ realizaranse no posto que a Asociación de Empresarios de Deza – CCA de instalará o venres, 17 de xuño de 2022, na Praza da Igrexa de Lalín.

4.2 Características do sorteo:

- Trátanse de sorteos non presenciais.
- A entidade organizadora avisará a cada persoa agraciada, mediante unha chamada telefónica.
- Cada persoa agraciada deberá presentarse no posto da Asociación nos 30 minutos seguintes de ser avisado, se non se presenta, ese premio quedará deserto.
- O cliente, para reclamar o premio, acreditará a súa identidade presentando o DNI/ NIE ou documento similar e, tamén, ademais de acreditar as compras dos comercios que figuran no cartón amosando os dous tickets/ notas de compra ou albarás (non se admitirán tickets regalo debido a que non se pode comprobar o importe mínimo da compra esixido).

Importante: só se admitirán os selos dos comercios asociados que participaron na compra de cartóns.

5. Os premios:

Sortearanse (24) vinte e catro ¹tarxetas cargadas con 250€ ca da tarxeta (en total 6.000€), para gastar entre ese mesmo día e o día seguinte (17 e 18 de xuño) nos comercios que participaron na adquisición dos cartóns.

¹*Trátanse de premios en metálico e en ningún caso poderán ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición das persoas gañadoras.*

A cada persoa agraciada, ademais, de facerlle entrega da tarxeta cargada con 250€, tamén terá un díptico coa relación de comercios onde pode facer as compras, que serán aqueles comercios asociados que adquiriron os cartóns.

Observación: debido a que cada tarxeta son supera os 300,00€, as persoas gañadoras non terán a obriga de tributar na declaración do IRPF.

6. Notificación á persoa gañadora:

- 6.1 Cada vez que se realice o sorteo da tarxeta, a Entidade Organizadora contactará coa persoa agraciada.
- 6.2 A notificación a/o premiada/o será vía telefónica, mediante a realización dunha chamada ao número de teléfono que figura no cartón que saíu no sorteo. En caso de non obter resposta, dáselle 30 minutos para que devolva a chamada, informalo do premio e que o recolla. En caso de non dar contactado ese premio quedará deserto.
- 6.3 Contémplase anunciar nas redes sociais da Entidade, tamén en prensa escrita –edicións comarcais– e na radio os nomes de todas as persoas premiadas.

7. Cesión dereitos de imaxe e/ou propiedade intelectual do gañador/es:

As persoas gañadoras dos premios coñecen e consenten que o seu nome completo sexa publicado pola Entidade organizadora en todos aqueles perfís en redes sociais onde a Entidade teña unha conta.

Para o caso dos sorteos, a cesión dos datos identificativos, así como tamén o número de teléfono de contacto, conleva implícito o consentimento, por parte de cada participante, de que a Entidade organizadora comunique publicamente o seu nome completo.

8. Prórrogas ou suspensións:

A Entidade organizadora, no caso de existir causas de forza maior alleas ao seu control, resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, suspender, acurtar ou ampliar o período de duración dos sorteos e desfrute dos premios, comprometéndose a dar ás devanditas modificacións o grao de publicidade que resulte necesario.

Polo tanto, a Entidade organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidese derivarse de calquera circunstancia imputable a terceiros que puidese afectar ao desenvolvemento da mecánica dos sorteos e, en especial aos Premios.

No mesmo sentido, a Entidade organizadora non será, en ningún caso, responsable de calquera dano, de calquera natureza, directo, indirecto e/ou circunstancial, xa sexa inmediato ou diferido, que puidese aparecer con ocasión ou como consecuencia de poder gozar dos Premios.

9. Descualificacións e penalizacións:

Establécese a posibilidade de dar de baixa ou descualificar a usuarios que incumpran as regras dos sorteos ou de penalizar no caso de que a/o gañador/a do premio actúe de maneira fraudulenta.

10. Exoneración de responsabilidade do organizador en caso de incumprimento dos participantes:

Ante o uso que o premiado poida facer co premio recibido, a Entidade organizadora non se fará responsable no caso de que o/a gañador/a fixese un mal uso do premio ou incumprise co disposto nestas bases legais.

11. Protección de datos de carácter persoal:

O responsable do tratamento dos datos é a Asociación de Empresarios de Deza - Centro Comercial Aberto de Lalín, con CIF: G36187169, enderezo fiscal en R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo, en Lalín, número de teléfono: 986-787091 e correo electrónico: asociacion@aedeza.com

Durante o rexistro para os sorteos cada persoa participante deberá achegar datos persoais cuxa única finalidade é a de contactar, chegado o caso, que foi gañador/a dos premios sorteados.

Os datos facilitados conservaranse o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio, por parte do titular, dos dereitos correspondentes.

A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento obtido do interesado, mediante a cesión dos seus datos de contacto, para poder participar nos sorteos dos premios.

Os datos dos participantes comunicaranse en:

Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín.

Os datos das persoas premiadas serán publicados en prensa (na edición comarcal) e nas redes sociais de AEDEZA e CCA de Lalín. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal. Non se producirán transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se AEDEZA - CCA de Lalín están a tratar datos persoais que lles afecten, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente estes serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. CCA de Lalín deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

O interesado ten dereito a retirar o consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Para obter información adicional sobre os dereitos facilitamos enlace da páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/>).

Para poder obter información adicional sobre a nosa política de privacidade, facilitamos enlace da páxina Web da Asociación de Empresarios de Deza (<http://www.aedeza.gal>).

O interesado, para exercer o seus dereitos, pode escribir un correo electrónico a asociacion@aeDeza.com no que debe identificarse achegando copia do seu DNI e indicar o dereito que desexa exercer e o motivo.

12. Contacto e reclamacións:

As persoas gañadoras poderán contactar coa Entidade organizadora a través do seguinte correo electrónico: asociacion@aeDeza.com, para calquera dúbida ou reclamación.

13. Aceptación da bases:

Os participantes da campaña aceptarán estas bases legais polo feito de participar nos sorteos.

14. Foro xurisdiccional e lei aplicable:

A lei aplicable será a española e o foro xurisdiccional, en caso de conflito, será a dos xulgados e tribunais da vila de Lalín.

15. Outras consideracións:

Calquera situación non prevista nas mesmas poderá ser resolta segundo o criterio da Asociación de Empresarios de Deza.